

DOMINGOS VILLAR GAÑÁRAO POR 'OLLOS DE AUGA'

# Concha Blanco e An Alfaya, premios Frei Martín Sarmiento de literatura infantil e xuvenil

Redacción . Amais de Domingo Villar, Concha Blanco, e An Alfaya obtiveron tamén cadanseu premio en categorías para o lectorado máis pequeno.

🕒 06.05.2008 | 13:24



Portada de 'Poemas para pintar'

Bianco, na súa colección Bolboreta), conquistaron aos cativos de 1º e 2º (6 e 7 anos) de primaria, gañándolle á *Banda de Vilacendoi*, o libro-disco de Xulio Gaioso (Kalandraka), e *Glub, o increíble peixe-bala*, de Isabel Freire (Xerais). Os 20 poemas de Blanco foron ilustrados polo alumnado da escola de Cacheiras.

Para os de 3º a 5º de Primaria, (de 8 a 10 anos), arrasaron os *Dez piratas* de Gloria Sánchez (Obradoiro), aínda que tamén eran finalistas *Smara*, de Paula Carballeira (Kalandraka) e *Era unha vez unha quimbamba*, de Antón Cortizas (Tambre). *Dez piratas* reúne rimas cheas de humor e enxeño que nos mostran o lado máis cómico da poesía.

E por último, na categoría de 6º de Primaria a 2º da ESO (11 a 13 anos), *Zoa e Azor*, de An Alfaya (editada en Tambre), gañoulle a *Lóbez*, de Antonio Yáñez (Baía Edicións) e *Usha* (María Reimóndez, en Xerais). Na novela de Alfaya, Silvano é un rapaz sensíbel e incomprensido que mira o ceo aberto cando coñece a Omar Grandal, dono dunha compañía de teatro ambulante, que lle transmite a súa paixón polos versos e lle confía o coidado dos seus cabalos, *Zoa e Azor*.

Hai unhas semanas informabamos de que Domingos Villar obtiña, coa novela *Ollos de auga*, publicada por Galaxia, o premio Frei Martín Sarmiento, que outorga o alumnado de varios centros relixiosos de Galiza. O autor venceulle, na categoría de obras destinadas a público adolescente (de 3º da ESO a 1º de Bacharelato, ou entre 14 e 16 anos), ás *Cartas de amor* de Fran Alonso e *O Paxaro do mel*, de Adolfo Caamaño (os dous en Xerais).

Pero amais, houbo tamén premios escollidos polos lectores máis pequenos: así, os *Poemas para pintar*, de Concha Blanco (editados por Sotelo